



PREMIOS MIL  
PRIMAVERAS

## ACTA DO XURADO DOS VII PREMIOS MIL PRIMAVERAS A PROXECTOS DE POSTA EN VALOR E FOMENTO DO GALEGO (2025)

**Lugar:** en liña a través de Google Meet

**Data:** 14 de abril de 2026

**Hora de comezo:** 17.30 h

**Hora de remate:** 19.30 h

### Integrantes do xurado:

- Beatriz Vilaverde Santamariña, técnica de normalización lingüística da Deputación Provincial da Coruña, como presidenta do xurado,
- Irimia Fernández Álvarez, creadora de xogos e responsable de *Brazolinda*, premiado nos VI Premios Mil Primavera,
- Álvaro López García, responsable do proxecto *Galego para peques*, premiado nos VI Premios Mil Primavera,
- Ana González Liste, xornalista en *Praza Pública* e vogal do Colexio Oficial de Xornalistas de Galicia, e
- Marta Besada Otero, técnica de normalización lingüística do Concello de Santiago de Compostela, vogal da CTNL e responsable de proxectos premiados en anteriores edicións, como *Elos. Engánchate ao galego*, *Galegoempresas*, *Enreguéfate* ou *Youtubeir@s*), ausente na reunión do xurado por motivos persoais.

Actúa como secretaria do xurado Anxos Sobriño Pérez, vogal da CTNL, con voz e sen voto.

Como indican as bases dos VII Premios Mil Primavera a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2025), promovidos pola Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) coa finalidade de **recoñecer e difundir accións, campañas, programas e proxectos que teñen**

como obxectivo principal a **valorización e o fomento da lingua e a procura do incremento do seu uso e/ou prestixio**, o xurado reúne para recoñecer un máximo de **catro accións, campañas, programas ou proxectos**, sen establecer ningunha xerarquía entre os premios que se outorguen, de acordo cos seguintes criterios:

- A calidade da **planificación** do proxecto, coa axeitada determinación de **obxectivos, destinatarios/as, accións, necesidades e recursos, temporalización** etc.
- A **execución e desenvolvemento** adecuado das medidas e actuacións.
- A **innovación** do proxecto, a capacidade de **incidencia** e o **impacto** positivo para a lingua.
- A calidade e atractividade da **comunicación, deseño, imaxe, materiais**, etc.
- A axeitada **avaliación**.
- A **eficiencia** do proxecto.

Logo de avaliar as 24 propostas presentadas e das deliberacións pertinentes, o xurado decide conceder os seguintes premios:

- **As chaves da lingua (As chaves da lingua)**

É un proxecto didáctico e divulgativo creado por Noemí García Rodríguez que busca mellorar as competencias lingüísticas, fomentar a reflexión e valorizar a riqueza e utilidade do galego, combinando rigor e claridade cun enfoque práctico e accesible.

O xurado valorou a súa **orixinalidade, imaxe, calidade comunicativa** e bo uso das **redes sociais**. Tamén tivo en conta a **variedade de persoas destinatarias**, tanto galegofalantes que queren mellorar como persoas que descoñecen a lingua e buscan achegarse a ela. O seu **enfoque práctico, próximo e comprensible** facilita a aprendizaxe e a interacción e favorece que a **calidade da lingua** sexa maior. Por último, destaca que achega temas novidosos, potencialmente virais, que axudan a crear unha **rede de persoas usuarias** sempre pendentes dunha nova ensinanza ou curiosidade.

- **Comando Le: grupo de activismo cultural de Espazo Lectura (Asociación Espazo Lectura)**

É un grupo de activismo cultural nacido en 2012 dirixido a adolescentes de máis de 12 anos, concibido como un espazo de lecer, encontro e creación en lingua galega. Forma parte da serie de iniciativas da Asociación Espazo Lectura para o fomento da lectura e da lingua dirixidas a diferentes idades, desde os bebés ata o público adulto.

O xurado salientou que se trata dun proxecto que consegue **involucrar os adolescentes máis aló do ámbito educativo**, usando a lingua galega nun **contexto de lecer**. As persoas destinatarias, que son un **público moi necesitado de ámbitos de uso da lingua**, participan voluntariamente e son asemade impulsoras e colaboradoras, tanto no proxecto como no labor da asociación. Esta implicación entusiasta axuda a **crear comunidade** compartindo orgullo cos seus iguais e **fortalece as relacións interpersoais en galego**. O xurado tamén quixo destacar que se trata dun **programa replicable e adaptable a outros contextos**, desde a iniciativa asociativa ou institucional. Comando Le é a continuación ideal do traballo desenvolvido por Espazo Lectura durante 20 anos, con actividades dirixidas a nenos e nenas de diferentes idades que axudaron a crear o contexto propicio.

- **O Dépor é da Coruña (IES Rafael Dieste)**

É un proxecto derivado da campaña *Aquí tamén se fala* que busca un cambio de gran relevancia no imaxinario colectivo da cidade herculina: a restauración do nome oficial ao Deportivo da Coruña. Parte dun centro con moito alumnado proveniente de fóra de Galicia e procura reforzar a estima polo galego a través dunha iniciativa de grande impacto social.

O xurado destacou a **forza simbólica** e a **repercusión social fóra do centro educativo**, levando a **reflexión sociolingüística** á sociedade coruñesa no seu conxunto. A iniciativa, que chama á acción directa, colectiva e planificada, **incide no sentimento de pertenza que xera o deporte para traballar a conciencia lingüística**. Así mesmo, cunha excelente difusión, amplifícase noutros centros educativos, en persoas referentes e na sociedade en xeral. Constitúe ademais un exemplo óptimo da implicación do alumnado na identificación e planificación de obxectivos e no desenvolvemento de accións para acadalos.

- **Revolta Galega (CPI As Revoltas, Cabana de Bergantiños)**

É un programa que busca traballar a dinamización lingüística no centro educativo de forma planificada e sostida no tempo, cunha programación gradual pensada para intervir durante todo o curso e en todas as etapas educativas. Procura o mantemento e o reforzo da lingua e o coñecemento de tradicións e referentes culturais que melloren o seu prestixio.

O xurado considerou un aspecto destacable deste proxecto que é un **modelo integral de dinamización para todo o centro** e en diferentes ámbitos: **expresión oral e escrita, creación propia de contidos, relación coas familias ou tradicións**. Axuda a afianzar a lingua en

contextos galegofalantes e a reflexionar sobre a súa importancia social, patrimonial e cultural, co fin de transmitir orgullo. Son especialmente interesantes as **accións que serven para dar a coñecer referentes galegofalantes de diferentes ámbitos** (ciencia, música, literatura...), onde o propio alumnado participa activamente facendo entrevistas. Por último, o xurado destacou que é un **modelo de traballo replicable e adaptable** a outros centros educativos de contextos galegofalantes ou castelanfalantes.

Finalmente, o xurado quixo recoller na acta que todos os proxectos presentados son valiosos e estimulantes para contrarrestar os preocupantes datos de uso da lingua. Así mesmo, as persoas integrantes do xurado animan a continuar a traballar nestes e noutros proxectos e a presentalos de novo en edicións posteriores dos Premios Mil Primaveras.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta dá por finalizada a reunión e eu, como secretaria, redacto esta acta.

A secretaria

A presidenta

**Anexo:** bases dos VII Premios Mil Primaveras a proxectos de posta en valor e fomento do galego (2025)